

### FÚNDASE A SOCIEDADE ANTROPOLÓGICA GALEGA (SAGA)

Transcorrido xa o tempo, sempre necesario, para as reunións, a planificación de actividades e liñas de traballo, para o deseño organizativo e para os trámites burocráticos, o pasado seis de agosto levouse a cabo a fundación da Sociedade Antropológica Galega (SAGA), quedando o seu órgano directivo constituído polas seguintes persoas:

Rafael Quintía (*Antropólogo e economista*)

João Bieites (*Profesor de Educación plástica e visual e especialista en Audiovisuais*)

Miguel Losada (*Etnógrafo*)

Lukas Santiago (*Arqueólogo e realizador*)

Francisco Sutil (*Licenciado en Belas Artes e restaurador de Arte*)

A Sociedade Antropológica Galega (SAGA) constitúese como unha asociación cultural sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a investigación e a divulgación da etnografía, da prehistoria e da historia de Galicia, da súa cultura tradicional —tanto material como inmaterial— e de tódolos aspectos enmarcados dentro do campo da antropoloxía social e cultural, así como a promoción de todas aquelas actividades, publicacións, traballos e accións que vaian en beneficio da conservación, divulgación e investigación do noso acervo cultural galego.

Para levar a cabo todo este labor, a sociedade conta coa colaboración dun amplo número de profesionais das distintas áreas que abrangue o proxecto. Ó abeiro da SAGA reúnen-se antropólogos, etnógrafos, arqueólogos, historiadores, filólogos, artistas plásticos, técnicos en audiovisual, músicos e moitos outros colaboradores comprometidos coa aventura cultural e social que pilota a nosa institución.

Entre os proxectos que porá en marcha a Sociedade Antropológica Galega cabe salienta-los seguintes:

- A publicación trimestral do boletín informativo da sociedade **Caderno de campo**. Unha publicación

gratuita e de descarga libre na nosa páxina web.

- A SAGA faise cargo da edición e publicación do anuario **Fol de Veleno. Revista de Etnografía e Historia de Galiza**.
- A edición da colección **Cardernos etnográficos**, na que se publicarán traballos monográficos sobre distintos aspectos da etnografía e da arqueoloxía galega.
- A realización de documentais e doutros traballos audiovisuais que nos permitan divulgar-los tesouros do patrimonio material e inmaterial da cultura galega. Nestes momentos a SAGA ten producidos os seguintes documentais: **Sete Camiños. Encrucillada do tempo, Comuneiros. Cen anos de vida e loita polo monte de Salcedo e Metocas**.
- A organización dunhas xornadas anuais sobre antropoloxía galega.
- O desenvolvemento de proxectos de investigación, de divulgación e de posta en valor do patrimonio como son o proxecto para a creación do **Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños** ou a creación do **Arquivo Audiovisual de Antropoloxía Galega** (AAANGA).

A día de hoxe, cando este primeiro boletín chega á rúa, a Sociedade Antropológica Galega xa está a pleno funcionamento e embarcada en todos estes proxectos. Nestes momentos colabora activamente -como parte da súa comisión técnica- no proxecto para a creación do Espazo natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños; atópase en pleno rodaxe dun novo documental: **Mulleres de ribeira. O bando dos Praceres**; estreará o vindeiro xaneiro o seu último traballo **Sete Camiños, encrucillada do tempo** e xa puxo en marcha algún dos proxectos de investigación que tiñan programados. De todas estas actividades iremos dando cumprida información no noso boletín trimestral -Caderno de Campo- e na nosa páxina web.

Non queremos despedirnos sen agradecer-la boa acollida que está tendo este proxecto e a colaboración desinteresada de todo o equipo de persoas que puxeron o seu coñecemento e bo facer á nosa disposición para que o que onte era tan só un proxecto sexa hoxe unha realidade. A todos vós, moitas grazas.



## A SAGA CO PROXECTO PARA A CREACIÓN DO ESPAZO NATURAL E ARQUEOLÓXICO DOS SETE CAMIÑOS



A Sociedade Antropolóxica Galega ven de unirse activamente ó proxecto para a creación do **Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños**. De feito, dous dos membros da directiva da SAGA —o antropólogo Rafael Quintía e o arqueólogo Lukas Santiago— forman parte da comisión técnica para a posta en marcha deste proxecto.

O proxecto para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños é unha iniciativa que apoian preto dunha vintena de colectivos socioculturais e veciñais de Pontevedra, Marín e Vilaboa, máis un grupo de arqueólogos que avalan a súa posta en marcha. É unha proposta que pretende pór en valor o importante e valioso patrimonio natural e arqueolóxico da zona.

Este espazo estaría situado no contorno do Monte do Pornado, o Monte Catadoiro e dos Sete Camiños, no monte comunal das parroquias de Lourizán e de Salcedo, no concello de Pontevedra, e no de San Xulián de Marín de Arriba, no concello de Marín. Ademais, o proxecto tamén pretende integrar parte do patrimonio arqueolóxico de Postemirón, no concello de Vilaboa. Neste espazo, cunha área relativamente pequena, atopamos concentrados toda unha serie de xacementos Arqueolóxicos e outros elementos que forman parte do noso patrimonio natural e cultural.

Dentro do patrimonio arqueolóxico cabe sinalar a presenza de varias mámoas e petróglifos. En canto ás mámoas, trátase das dúas mámoas de Chan da Lagoa (GA 36038039, nº 1 e nº 2); e a mámoa do Catadoiro (GA 36038037); ás que se sumaba a mámoa de Louredo (GA 36038060), destruída polos militares da Brilat no ano 2009. Estes xacementos poden considerarse un conxunto, pois son da mesma natureza, túmulos funerarios de época megalítica; e concéntranse nun área reducida (menos de dous km en liña). A súa vez, forman parte do conxunto máis amplo que constitúe a Necrópole Megalítica da Serra de Domaio, que ten en Chan de



Arquiña (Moaña), Chan de Armada (Marín) e Mámoa do Rei (Vilaboa) os seus máis coñecidos expoñentes; xa que xeograficamente sitúanse nunha das estribacións desta serra. Ademais disto, temos o Conxunto de gravados rupestres do Pornado, no límite dos concellos de Marín e Pontevedra; o Petróglifo de Sete Camiños, e o Conxunto de gravados rupestres de Piñeiral do Caeiro, ambos en territorio marinense; e o Conxunto de gravados rupestres do Regato dos Buracos, na parroquia de Salcedo. Tamén podemos mencionar o Abrigo Rochoso de Catadoiro, probablemente do Paleolítico, na parroquia de Lourizán. A isto debemos engadir dentro deste espazo natural, diferentes formacións xeolóxicas de interese, como A Campá ou a Pedra do Sapo, así como dous miradoiros naturais privilexiados pola súa vista panorámica sobre a ría. Un é o de Pornado e outro o miradoiro natural do Monte Catadoiro.

A zona do Monte do Pornado, o Monte Catadoiro e os Sete Camiños constitúe un espazo privilexiado, de singular relevancia natural e patrimonial. Esta área, que forma parte da Serra de Domaio, está chamada a converterse nunha zona de lecer dos Concellos de Pontevedra; Marín e

Vilaboa, unha extensión natural do Parque da Lagoa de Castiñeiras, que pode chegar a ser un importante referente, que axude a enriquecer, fortalecer e diversificar a oferta cultural e turística da comarca. A proposta de creación do

Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños representa unha alternativa viable para convertelo nun referente identitario para a comunidade local, ademais de constituír un recurso social e economicamente rendible; destacando a necesidade de conservar, estudar e difundir este espazo pola súa importancia patrimonial, polo valor didáctico e polo poder identitario das pegadas deixadas na paisaxe polos nosos devanceiros

### Comisión Técnica do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños

- Paz Castro  
*Xornalista*
- Lukas Santiago  
*Realizador e Arqueólogo*
- Rafael Quintía  
*Antropólogo e Economista*
- David Suárez  
*Especialista en Multimedia*

Máis información na web:

<http://www.espazosetecaminhos.tk>





## O PANDIGUEIRO NAS TERRAS DE TRIVES

Miguel Losada

A existencia da figura do Pandigueiro nas montañas orientais de Galicia en tempos históricos recentes vén sustentada nas testemuñas directas —entre as que teño que incluír a miña propia— e nun difuso fato de acenos culturais que, en conxunto, constitúen apenas unha proba indiciaria do alcance, significado e continxencia da figura do Pandigueiro entendido como personaxe habitante do imaxinario popular que adoitaba traerlles agasallos ós nenos contra a fin do ano.


Neste sentido o Pandigueiro pertence ó grupo de figuras semellantes, o dos pródigos arquetípicos con valor normativo, que teñen unha ampla distribución por todo o continente europeo. Dentro deste elenco de personaxes destaca a recente -século XIX- recreación do san Nicolás dos inmigrantes holandeses en Norteamérica que foi posto ó día grazas ó talento literario de J.Washington Irving<sup>1</sup> no 1809, e outros como Henry Livingston Jr. ou, probablemente, o sacerdote Clement C. Moore coa súa publicación no xornal *The Sentinel* no 1823 dun relato con valor fundacional<sup>2</sup> e descritivo da función da personaxe. Os debuxantes Thomas Nast a finais do XIX e Habdon Sundblom no 1931, descendente de inmigrantes finlandeses, fixaron a vixente fasquía da personaxe que foi derivando dende a dun trasgo europeo, pequeno e delgado, cara á actual que ben coñecemos.

O Apalpador das serras lucenses; o Esteru ou as Anjanas que traen agasallos ós nenos polo Nadal, documéntanse en Cantabria, do mesmo xeito e ocupando o mesmo espazo mitolóxico que o Olentzero vasco, ou o Angulero en Asturias. No resto de Europa verificase a presenza de diferentes figuras equivalentes como o Télapó en Hungría,

Moç Craciun en Romanía, Joulupukki en Finlandia, Weihnachtsmann en Alemania, Julemanden e Julenissen en Dinamarca e Noruega, etc. Isto é, a existencia da figura ou función representada por todos estas personaxes e outras semellantes, constátase por toda Europa. As súas características son semellantes e basicamente as mesmas polo que as aparentemente diversas estruturas significantes acubillan un mesmo significado. Son pois, a mesma cousa.

A lembranza, xa que xa non presenza efectiva do Pandigueiro é plenamente coherente dentro deste contexto cultural, e a súa desaparición fronte o pulo doutras propostas é tamén a evolución histórica esperable nunha tradición que elabora o seu discurso dentro dos parámetros da invernia, a importancia das interrelacións sociais para supervivencia e o que poderíamos definir como o carácter mitopoiético da finitude estrutural dos recursos. Deste xeito o Pandigueiro cedeu espazo ou presenza social, tal e como fixeron as demais versións continentais do mito invernal, solsticial e promisorio, cando as sociedades tradicionais nas que tiña o seu cometido foron indo á valga durante os séculos XIX e XX. Neste escenario devíñeron redundantes e, sobre todo, menos pródigos e promisorias fronte a outros modelos "omnipotentes" e sublimados que, cómpre salientar, tamén foron recreacións pola vía da reutilización dos elementos esenciais da personaxe. Mais a desaparición destas entidades foi mais aparente que efectiva. No novo contexto de crise ou

creba do paradigma imperante nos dous séculos anteriores e que exhibiu o fetiche da abundancia esencial fronte ó tradicional da solidariedade, semellan rexur-



Icona Ortodoxa grega. S.XVII, Creta.  
<http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/0/0c/Mamant.jpg/200px-Mamant.jpg>

<sup>1</sup> A History of New York from the Beginning of the World to the End of the Dutch Dynasty.

[http://en.wikipedia.org/wiki/Washington\\_Irving](http://en.wikipedia.org/wiki/Washington_Irving)

<http://books.google.es/books?id=v98hAAAAMAAJ&printsec=frontcover&hl=es#v=onepage&q&f=false>

<sup>2</sup> Visit from St. Nicholas [http://en.wikipedia.org/wiki/A\\_Visit\\_from\\_St.\\_Nicholas](http://en.wikipedia.org/wiki/A_Visit_from_St._Nicholas)



dir as vellas figuras locais se cadra como unha manifestación da ideoloxía de fondo das vellas, moi vellas, sociedades europeas. O pensamento autárquico e con il a posibilidade de repregamento cara a posicións de seguridade, as non especulativas logo, podería estar detrás do fenómeno da volta da ollada cara o próximo e o razoable en tanto que comedido. Así pois e se o consideramos, polo exposto anteriormente, como un mito factible, podemos cuestionármonos a súa posibilidade ou remanencia etnográfica e antropolóxica.

Unha constante destas figuras é a tendencia a vencellalas coa personaxe dun "santo". No caso do Pandigueiro, cómpre salientar que tamén neste aspecto existe un referente próximo conspicuo e activo que cumpre o rol de redistribuidor inmediato dos referentes míticos que adobían á personaxe.

San Mamede, cunha ampla representación europea como advocación e cunha fonda presenza no parroquial galego, é o santo que dá nome a unha das mais senlleiras serras do Macizo Central Ourensán. A súa haxiografía conta como no século terceiro ou cuarto o neno santo chegará a selo triplemente, no sentido de que tanto o seu pai, Teodoto, coma a súa nai, Rufina, tamén o foran. Ademais ven retratado como un triplemente orfo xa que nacería prematuro, ficaría orfo da nai e logo de seren adoptado por unha rica viúva, Ammia, ficaría tamén orfo dela. Seica foi pastor, no entorno da Cesarea Mazaca, no Asia menor, actualmente a cidade de Kayseri na Capadocia turca, que entre outras moitas influencias, debeu ter tamén a dos gálatas da Galacia coa que cando menos lindaba. Os Gálatas foron galos segundo as fontes clásicas, como as noticias de Pausanias, a onomástica céltica da carta ós Gálatas de San Pablo, ou as afirmacións de San Xerónimo, filólogo e Pai da Igrexa, segundo as que estes falaban aínda no século V d.C., un dialecto galo semellante ó de Tréveris<sup>3</sup>. O caso é que, morto o bispo da Cesarea, o neno santo Mamede ( Mamet, Mamés, Mamas e

outras denominacións pan e perieuropeas) predicou o evanxeo no monte, ós animais. Estes tiñan conta dil, amamantábano dábanlle mel e protexíano dos perigos ou da intemperie. Preso polas súas prácticas foi martirizado co ecúleo, lume, fame, formigas e botado ós leóns do circo que son amansados polo neno. Nunha nova tentativa homicida, é destripado cun tridente mais Mamede recolle as súas tripas e fuxe cara unha cova na que remata decapitado por orde da prefectura romana, segundo as diferentes fontes<sup>4</sup>. Esta cabeza-reliquia estaría depositada na catedral de Langrés, Francia, consagrada ó santo, dende 1204 ou 1205 cando foi levada aló polos cruzados.

Orixinariamente, a súa festa na Cesarea da Capadocia era o primeiro día do ano novo, precedida dunha vixilia solemne e tamén tiña unha segunda festa no Domingo in albis, chamado de Quasimodo e Octava de Pascua. Nela os fieis son comparados cos



Courtesy of Special Collections, University of Houston Libraries. UH Digital Library. [http://digital.lib.uh.edu/cdm4/item\\_viewer.php?CISOROOT=/p15195coll18&CISOP-TR=156](http://digital.lib.uh.edu/cdm4/item_viewer.php?CISOROOT=/p15195coll18&CISOP-TR=156)

menos neonatos posto que para eles a fe cristiá representaría o leite espiritual<sup>5</sup>. Adoita seren representa-

3 Philip Freeman: The galatian language. A comprehensive survey of the language of the ancient celts in Greco-Roman Asia Minor. Ed. Mellen Press. 2001.  
William M. Ramsay: Historical commentary on Galatians. Ed. Mark Wilson. 1997.

4 Homilias de san Basilio, san Gregorio. Diversas "passios" coma as de Valafrido Strabone, -Himno adicado ó santo- ou a "vita" do obispo Godofredo de Langres, cidade na que a catedral está consagrada a San Mamet.

5 Antífona ad introitum. Epistola 1. Petri II,2: "Quasi modo geniti infantes alleluja: rationabile sine dolo lac concupiscite: ut in eo crescatis in salutem." Como os neonatos ansiade o leite (do espírito) sen engano (verdadeiro ou inocente) de xeito que medredes en saúde. No orixinal en grego, biblia quinquaginta, emprégase a palabra "logikós" do "logos" que foi verquida ó latín como "rationabile". Tamén na cuarta edición correxida da edición de R. Weber a forma "Quasi modo" foi substituída por "Sicut modo" e "rationabile" veu a "rationale".



do a cabalo dun león, e cun año no colo.

A figura do felino —símbolo da maxestade mais tamén do "ouro subterráneo" ou "sol subterráneo"— cabalgado polo santo Mamede, ou Mamas, pola súa relación co leite e cos peitos xa que logo, remite sen dúbida ás ancestrais figuras das Lamias ou seres temibles moitas veces semiserpentinaes que moran en covas, penedos ou fontes onde adoitan manifestarse peiteando a cabeleira cun peite de ouro mentres agardan polos mozos, preferentemente, para levalos ó submundo, devoralos e /ou, beber o seu sangue. Moitas veces aparecen en contextos narrativos nos que o compromiso matrimonial é un elemento esencial do discurso simbólico.

A converxencia no significante e no significado coa moura galega é pois, mais que notoria. Deste xeito o culto ó santo, tan común<sup>6</sup> en Galicia, puidera terse espallado dun xeito fluído sobre a base da converxencia coas estruturas mitolóxicas preexistentes e facilitando á reconfiguración da imaxe popular cara a fasquía e atributos simbólicos do neno santo.

A relación explícita deste cos nenos, a prodigalidade, a fin do ano, o bandullo, o leite, as mouras e o mundo baixo terra cos seus tesouros moitas veces presentados como agasallos na tradición oral, puido ter un efecto antropolóxico de homologación que habilitou ó santo como valedor dos nenos fronte as penurias e que puido ter certos acenos "de ida e volta" xa que o contacto cos gálatas da Anatolia puido inducir a incorporación de elementos procedentes da tradición atlántica europea que séculos despois retornaron conservando unha semellanza "de familia".

No caso do Pandigueiro das serras orientais galegas temos como dixemos antes, unha serie de indicios lingüísticos e etnográficos que puideran ter orixe nestas circunstancias. Entre eles podemos ver como inda hoxe ten presenza na zona o adxectivo "pándigo" como denotativo do comportamento inxenuo, pouco asisado e semellante ó propio dun neno. Nesta bisbarra e cando se quere aloumiñar ós nenos é común facer o aceno de cheirarlles o bandullo para "saber o que comiches". Doutra banda, o leite con purgazos —castañas secas cocidas— é unha comida con importante prevalencia na gastronomía local.

Conta a tradición popular recollida precisamente no

pobo de San Mamede da Pobra de Trives, que o santo baixou do ceo, no alto da serra, nunha nube. Tropezou, ó caer, nuns penedos e cas galochas que levaba atronou o mundo. Viviu nunha cabana que fixo e as corzas dábanlle de mamar, os lobos o gardaban e todos se xuntaban para que tivera calor. Así estivo e na serra do seu nome, alta, brava e cuberta xeralmente de neve segundo a descrición do Licenciado Molina<sup>7</sup>, fica a súa fonte e a súa cova. Así pois este pándigo, este inocente como un neno, este santo señor dos animais, baixaría da serra para esconxurar o mal do bandullo, a fame, dos nenos, inocentes coma el, traendo leite, castañas e gando propiciatorio: as figuriñas de animais feitos da madeira branda coma o amieiro, cocida para que non rache logo de seca, cos que convocar á fartura e afastar a necesidade.

No derradeiro día do ano 1973 ou 1974 nun lugar da bisbarra das altas terras de Trives e nunha casa na que había un neno duns seis ou sete anos, o Pandigueiro petou na porta.

Pucha, chaqueta dun traxe, camisa e chaleco. Pantalón de tergal e galochas vellas. Os ollos da cor dunha nube de outono e as mans grandes nun corpo achacío, delgado e seco como unha trabe vella. O señor Vitorino, así lle chamaban, encargábase de botar e acomodar unhas vacas que eran a facenda doutro home e que vivían, na corte por baixo da casa á que viñera de criado. Falou na porta co meu pai e dos petos tirou dúas ou tres figuriñas feitas á navalla. Eran como animalíños redondechos, pateños e bandullentos que me deu coas dúas mans abertas e xuntas ó tempo que dicía "eis o pandigueiro ei che vai!". Aquela tarde a miña nai deume de postre unha cunca de castañas secas cocidas no leite. A hora de deitarse foi a de sempre. Cedo.

Tardei aínda ben días en voltar ver o señor Vitorino. Cando o vin fixo como que me cheiraba no bandullo dicindo que ia saber o que comera. Concluíu que si, que comera leite con purgazos. Aquel ano criárame ben. Algunha outra vez os veciños como o señor Casiano e o señor Paco da Ponte Navea ou a Señora Martina da Pena Folenche fixeron algunha alusión ó feito de cheirarme o bandullo para saber o que comera relacionando esta actitude coa palabra Pandigueiro.

6 No Nomenclator da Xunta de Galicia 2010 aparecen mais de 800 parroquias, dun total de 3792, baixo a advocación de San Mamede.

[www.xunta.es/nomenclator/index\\_c.htm](http://www.xunta.es/nomenclator/index_c.htm)

7 Descrición do reino de Galicia





## DESCUBRIMENTO DE PETRÓGLIFOS NON CATALOGADOS NA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE SALCEDO (CONCELLO DE PONTEVEDRA)



Foto 1: Vista da laxe cos petróglifos

A principios do pasado mes de maio, e por mor dun traballo de deslinde dos montes en man común da parroquia de San Martiño de Salcedo (concello de Pontevedra), o presidente da Comunidade de Montes —Don Fernando Pintos— puxo en coñecemento do antropólogo Rafael Quintía a localización dunha laxe no Monte do Castro (lugar de Cabanas) que, no parecer do Sr. Pintos, presentaban unhas marcas que semellaban petróglifos.

Rafael Quintía e Francisco Sutil —ámbolos dous membros da Sociedade Antropolóxica Galega— desprazáronse ó lugar, e tras inspeccionalos lindes do monte comunal atoparon a devandita laxe a cal está situada na faldra sur do Monte do Castro, e nunha parcela particular pero lindeira ó monte comunal. Unha vez inspeccionada a superficie da laxe de granito puideron comprobar que, efectivamente, se trataban de petróglifos, aínda que moi erosionados ó que, unido á vexetación e ó manto que a invade xustificaría que tivesen pasado desapercibidos ata hoxe en día. Os motivos que se poden intuír na laxe son cazoletas e, cando menos, dous deseños de círculos concéntricos, similares ós petróglifos próximos de Penedo de Vilar de Matos (Pozo da Escribana).

Unha vez verificada a existencia desta laxe exploraron a contorna chegando a localizar dous penedos graníticos máis nos que se aprecian restos do que

semellan cazoletas. Toda a zona atópase ocupada por bosque de repoboación de eucaliptos e apréciase a pegada das antigas explotacións de canteras que existiron nesta zona.

Tras revisa-la carta arqueolóxica do concello de Pontevedra e as correspondentes fichas da catalogación do patrimonio que existen sobre a parroquia de Salcedo a **Sociedade Antropolóxica Galega** puido



Foto 5 : Rocha con cazoletas

verificar que non se menciona ningunha estación de petróglifos no Monte do Castro, polo que chegamos á conclusión de que estes petróglifos son inéditos a día de hoxe e non están aínda catalogados. É por elo que o achádego se puxo —vía rexistro oficial— en coñecemento do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural. No mes de agosto, un técnico de Patrimonio, púxose en contacto con Rafael Quintía

para proceder á catalogación, fotografado e localización topográfica dos novos gravados. Agora tan so nos queda desexar e agardar que se tomen as medidas pertinentes para a recuperación e conservación destes petróglifos.



Foto 2: Deseño de círculos concéntricos



Foto 3: Deseños de cazoletas



Foto 4 : Rocha con cazoletas





**ESTRÉASE EN PONTEVEDRA O PRIMEIRO DOCUMENTAL REALIZADO POLA SAGA: "COMUNEIROS. CEN ANOS DE VIDA E LOITA POLO MONTE DE SALCEDO"**

O pasado mes de novembro estreouse en Pontevedra, dentro das "II Xornadas de montes comunais" organizada pola Comunidade de Montes de Salcedo, o documental "Comuneiros. Cen anos de vida e loite polo monte de Salcedo", primeiro traballo audiovisual realizado pola **Sociedade Antropolóxica Galega** (SAGA) e producido en colaboración coa Comunidade de Montes Salcedo. O documental, con guión e dirección de Rafael Quintía e realización técnica a cargo de João Bieites, fai un percorrido por un século de vida e de explotación tradicional do monte comunal -verdadeira e única fonte de subsistencia para moitas xeracións de galegos- e polos acontece-

res e desgrazas que, co cambio dos tempos e co gallo das distintas usurpacións do monte comunal, tiveron que sufrir-lo veciños da parroquia pontevedresa de San Martiño de Salcedo.




*O estreo do documental recollido no Diario de Pontevedra*

O documental xa se atopa á venda na nosa páxina web: [antropoloxiagalega.org](http://antropoloxiagalega.org)

**A SAGA e Os Chichisos publican o libro PARA CANTAR VEÑO EU! Unha viaxe pola cultura musical galega da man dos Chichisos, un novo traballo de Rafael Quintía**

Empregando como fio condutor o labor que a asociación cultural e grupo de música tradicional Os Chichisos leva a cabo dende hai case dúas décadas, o autor ofrécenos nesta obra un compendio de apuntamentos etnográficos sinxelos e concisos en torno ó universo da música popular galega e das súas diferentes expresións e manifestacións. Un percorrido polos instrumentos tradicionais, os ritmos e os bailes, as festas do ciclo do ano e as tradicións musicais a elas asociadas, a ancestral linguaxe das campás, os cantos de berce e moitas



outras dimensións do noso folclore que irán desfilando polas páxinas

deste libro para achegarlle á xente nova e ó neófito do noso folclore o rico e variado tesouro da música tradicional galega. "Para cantar veño eu" complétase cunha amena unidade didáctica que inclúe os exercicios e as prácticas necesarias para que a xente máis nova practique, comprenda e asimile os diferentes contidos deste traballo.

*Datos técnicos:*  
 Autor: Rafael Quintía Pereira  
 Editorial: Sociedade Antropolóxica Galega e A.C. Os Chichisos  
 Impresión: branco e negro  
 Tamaño: 23x16  
 274 páxinas  
 I.S.B.N. 978-84-615-4507-0



### ESTASE A RODA-LO DOCUMENTAL "MULLERES DA RIBEIRA. O banco dos Praceres"

Lukas Santiago, realizador e arqueólogo, membro da Sociedade Antropológica Galega, está a filmar nestes momentos o documental "Mulleres da ribeira. O banco dos Praceres". Unha obra audiovisual que recolle na voz das súas verdadeiras protagonistas o duro traballo das mulleres da ribeira no banco dos Praceres, na ría de Pontevedra, facendo un percorrido



pola súa vida e o seu traballo no mar, polas penurias e vicisitudes dunha vida entregada á familia e á ribeira. A aprendizaxe do oficio, as

artes do marisqueo, a instalación da celulosa ou a profesionalización do sector, son algún dos temas tratados. Un traballo de gran valor antropológico e sensibilidade que reflicte a dignidade destas mulleres e a dureza dunha vida que ten cambiado en moitos aspectos nas últimas décadas. O documental é

unha coprodución de Faro de Ons Producións e a Sociedade Antropológica Galega e será estreado o ano que vén.

### O VINDEIRO DÍA 13 DE XANEIRO ESTREARASE NO TEATRO PRINCIPAL O DOCUMENTAL "SETE CAMIÑOS. ENCRUCILLADA DO TEMPO"

O proxecto para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños é unha proposta que pretende poñer en valor o importante e rico patrimonio natural, cultural e paisaxístico do contorno dos Sete Camiños, o Monte do Pornedo e o Monte do Catadoiro. É un espazo que conforma unha unidade natural que abrangue parte do monte comunal das parroquias de Salcedo e Lourizán, en Pontevedra

e San Xulián, en Marín. O documental "Sete Camiños. Encrucillada do tempo", realizado pola Sociedade Antropológica Galega, pon voz e imaxes a este proxecto que supón unha nova estratexia colectiva que aposte por unha xestión sostible dos nosos montes e recursos, pola conservación e posta en valor do noso patrimonio material e inmaterial e por unha visión a longo prazo para garantir unha digna herdanza natural e cultural para as xeracións futuras. Só así será posible a creación deste espazo natural e arqueolóxico, só así terán un futuro viable os nosos montes e a nosa propia cultura.



### Documental "METOCAS"



Na paisaxe do campo galego había unha estampa pintoresca que o furacán do progreso vai arrasando co paso do tempo. As METOCAS ou metoucos, segundo o lugar ou a feitura con que se facían en cada comarca. Estas medas ou palleiros cónicos da palla de millo tiñan diversas utilidades: Recoller a palla do nutritivo cereal nun lugar axeitado, complementar o alimento do gando vacún e sen pretendelo dar bonitura a paisaxe do campo galego. Hoxe, case que desaparecidos, alumean o noso espírito espallados polas leiras galegas. A xente de Vaipolorío, observados nestes 11 anos como estas "construcións vexetais" foron desaparecendo, de

feito no val de Tomeza na máis este ano foron feitos dous exemplares.

Este documental realizado pola Sociedade Antropológica Galega, a iniciativa da Asociación cultural Vaipolorío, recolle paso a paso a construción dunha destas metocas. A realización da metoca correu a cargo de José Ramón López Laxe, veciño da parroquia pontevedresa de San Martiño de Salcedo. A parte técnica da produción do documental correu a cargo de João Bieites, Licenciado en Belas Artes, profesor de Plástica, Deseño Técnico e Cultura Audiovisual no Ensino Secundario e membro de S.A.G.A. (Sociedade Antropológica Galega).